



Quintá - A Grade (San Vicente) - Chantada, 1978

**Informante:** Concha Casal Eiriz "Concha do Casal"

**Compilador:** Miguel López Coira

**Autores da recolla:** Miguel López Coira e Xosé Figueroa

**Transcripción:** Paula González e Isabel Vigo

[Vinde] pastorciños, vinde,  
vinde todos a adorar  
o nacemento do Neno  
como está mirando a Nai.

Este pobre Nacemento  
do ceo debeu baixar  
que na terra non se encontra  
outra cousa por igual.

O emperador dos Reices  
Señor de mundo e ceo  
naceu ás doce da noite  
nun probe alboio tan vello.

E as folerpiñas da neve  
por entre as tellas caendo  
aterecía de frío  
o seu corpiño feiticeiro.

Que tan soio está cuberto  
cunhas pallas de centeo  
pois seus pais eran tan probes  
que non tiña nin un lenzo.

Guiados por unha estrela  
que alumía o firmamento  
hasta o Portal de Belén  
os Reices Magos correrón.

A traer ao Dios meniño  
ouro, mirra, prata, incenso  
e postrándose de ainoxos(?)  
alma e vida lle ofreceron.

E os pastores coma nada  
diante a cuna se puxeron  
cantando doce cantigas  
que subían hasta o ceo.



De todas partes do mundo  
homes, mulleres e nenos  
quixerón ver o milagro  
do bendito nacemento.

Todos os homes que por nós  
van a buscar sofremento  
en esta noite de paz  
de ledicia e de sosego.

Todos os veciños de Agrade  
desde o fondo dos seus peitos  
bendicen ao corazón  
do Señor do universo.

Todos os fillos dos ricos  
dormen en cunas douradas  
(?) meniño  
deitadiño nestas pallas.

Por eso os de San Vicente  
habémoslle de traer  
roupiña pra te vestir  
e un rolo pra te mencer.

Que viva a nosa Naiciña  
e tamén o San Xosé  
e que viva o Nacemento  
xa que tan bonito é.